

Obradoiro de tradución médica inglés - galego

Rossana Couto

Introdución

Este curso está dirixido a persoas que teñan interese na tradución médica do inglés cara ao galego e queiran iniciarse neste ámbito de especialidade ou profundar os seus coñecementos. Abordaranse recursos útiles para traducir textos destinados a pacientes e traballaranse os tipos de textos habituais que requiren tradución cara ao galego neste ámbito, como documentos de consentimento informado e follas de información aos pacientes ou cuestionarios para pacientes.

Cando un paciente acode a un hospital para recibir tratamento ou participa nun ensaio clínico recibe documentación que debe entender e asinar e, en moitas ocasións, esta documentación redactouse orixinalmente en inglés. Neste curso veremos os tipos de textos que adoitan requirir tradución cara ao galego, recursos útiles para o tradutor médico e os retos e dificultades que entrañan estes textos para os tradutores.

A tradución de documentos para pacientes é un campo apaixonante por descubrir. Conxuga terminoloxía especializada, precisión, mais require tamén linguaxe clara, con termos que os pacientes comprendan con facilidade. Neste obradoiro traballaremos cunha escolma de textos destinados a pacientes e abordaremos os seus problemas de tradución.

Todas as persoas que asistan ao obradoiro recibirán unha subscrición gratuíta a [Cosnautas](#) que poderán usar durante 30 días.

Programa e horario

Venres 17 e 24 de novembro, de 16:00 a 20:00.

1. A tradución de documentos para pacientes (*patient-facing documents*).
2. Características dos textos.
3. Lexislación relacionada.
4. Recursos para a tradución.
5. Obradoiro de tradución.

Profesora

Rossana Couto Lago é licenciada en Filoloxía Inglesa pola Universidade de Santiago de Compostela e licenciada en Tradución e Interpretación pola Universidade de Vigo. Posúe un mestrado en Tradución Médico-Sanitaria da Universitat Jaume I. Posúe tamén o *Diploma in Translation* do *Chartered Institute of Linguists* e é tradutora xurada de inglés e español.

Traballa como tradutora autónoma desde o ano 2000 e está especializada en investigación clínica, desenvolvemento farmacéutico e validación lingüística de avaliacións de resultados clínicos. As súas linguas de traballo son inglés e portugués cara a español e galego. É socia da AGPTI onde estivo a cargo da vogalía de Formación, socia de Tremédica onde foi vogal de Capacitación e presidenta e tamén é socia da ATA.

Lugar de celebración

[Facultade de Filoloxía](#) da Universidade de Santiago de Compostela

Preinscricións

As cotas de matrícula son 80 € para socios da AGPTI e o alumnado da USC, 100 € para socios da Rede Vértice* e 135 € para non socios. Pregámosvos que **non** pagueades mentres que non vos confirmemos a vosa admisión. A confirmación comunicarase por correo electrónico, tanto a admisión como os pasos que debedes dar para formalizar a matrícula.

Dado que este curso ten un número de prazas limitado, darase preferencia aos socios e socias da AGPTI. Polo demais, a admisión realizarase por estrita orde de chegada das solicitudes de preinscrición, criterio que rexerá tamén en caso de que algunha das persoas preinscrición non formalice a matrícula no prazo estipulado e haxa que recorrer á lista de espera, se a houbese.

Para preinscribivros neste curso, enchede [este formulario](#).

Prazo de preinscrición: desde hoxe ata o 3 de novembro.

** A Rede Vértice está formada polas seguintes asociacións: AATI, ACEC, ACE Tradutores, AGPTI, AICE, AIPTI, APTIC, APTIJ, ASATI, Asetrad, ATIJC, ATRAE, AVIC, EIZIE, ESPaiic, FILSE, TREMÉDICA, UniCo, Verbéu e XARXA.*